

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de xullo de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: Construción de glorieta e acondicionamento de travesía na AC-550, puntos quilométricos (pp.qq.) 71+100-72+400 (Noia), de clave AC/20/077.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Antecedentes:

Por resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 22.6.2021 realizouse a aprobación provisional do proxecto de construción: Construción de glorieta e acondicionamento de travesía na AC-550, pp.qq. 71+100-72+400 (Noia), de clave AC/20/077.06.

O presente proxecto ten por obxecto a mellora da seguridade viaria na AC-550, no treito de actuación, para o cal prevé a construción dunha glorieta na actual intersección en cruz sen canalizar existente no p.q. 71+100 da estrada AC-550, así como un acondicionamento desta entre os pp.qq. 71+100 e 72+400, consistente na renovación da capa de rodaxe da calzada e a redistribución da sección transversal desta, dotándoa dun itinerario peonil accesible polo menos nunha das marxes do treito considerado.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Re-



gulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, será por un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), e na Casa do Concello de Noia (rúa Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia, A Coruña). Así mesmo na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Construción de glorieta e acondicionamento de travesía na AC-550, pp.qq. 71+100-72+400 (Noia). Clave: AC/20/077.06

Concello de Noia.

Nº de orde	Referencia catastral	Titular	DNI/NIF	Superficie catastral (m ²)	Clase	Uso principal	Afeccións (m ²)	
							Expropiación	Aproveitamento real
1	9386306NH0398N0001PK	Iglesias Roo, Elías Manuel Hermo Nimo, Josefa	***8126** ***9097**	800,00	Urbana	Residencial	38,80	Urbano residencial sen edificar
2	9386307NH0398N0001LK	Martínez Baña, Constantino	***1067**	1.075,00	Urbana	Residencial	93,60	Urbano residencial sen edificar

